



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



XUNTA
DE GALICIA

82

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO EDIFICIO XUDICIAL

En Pontevedra a dez de maio de dous mil dez.

REÚNENSE



Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 81/2009, do 19 de abril, do seu nomeamento, e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte Miguel A. Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra en representación do concello, de acordo co artigo 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1-a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, consonte acordo do Pleno do 16 de xuño do 2007 e Decreto de Delegación de 8/01/09.

Ambas partes intervinientes recoñécense capacidade para subscribir o presente acordo polo que

EXPOÑEN

Primeiro.- O Decreto 303/2009, do 21 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, atribúelle a este departamento, a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de xustiza e administración local, correspondéndolle exercer as competencias atribuídas á Xunta de Galicia, estatutariamente ou por transferencia, relativas aos medios persoais, económicos e materiais ao servizo da Administración de xustiza, á promoción e desenvolvemento do dereito civil de Galicia, á demarcación e planta xudicial, notarial e rexistral e ao acceso dos cidadáns á xustiza en igualdade de oportunidades (artigos 1 e 19).



XACOBEO 2010
Galicia



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



XUNTA
DE GALICIA

83



Segundo.- Os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias poden prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal ostentando a facultade de ceder gratuitamente bens inmobles a Entidades ou Institucións públicas para fines que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal de conformidade có establecido nos artigos 109 a 111 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de Bens das Entidades Locais (artigos 25 e 26.1 da lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e artigo 80 e 81 e 276 da lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia).

Terceiro.- De conformidade cos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, as relacións de colaboración e cooperación económica entre a Xunta de Galicia e as entidades locais galegas poderase levar a cabo mediante a subscripción de convenios.

Cuarto.- Mediante o Real Decreto 2166/1994, do 4 de novembro, traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos que, dentro do territorio da Comunidade Autónoma, desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos necesarios para o funcionamento da Administración de Xustiza, funcións que foron asumidas polo Decreto 394/1994, de 29 de decembro, e asignadas actualmente á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Quinto.- A consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza, partindo da realidade actual, elaborou recentemente o Plan de Infraestruturas Xudiciais que se someteu ao consello da Xunta de Galicia celebrado o pasado 27 de agosto no que se realiza a planificación das actuacións a acometer no horizonte dos próximos seis anos coa finalidade de dar resposta ás proxeccións de crecemento da planta xudicial. En dito plan inclúese a construción do novo edificio xudicial no partido de Pontevedra cun investimento estimado de 15 millóns de euros dentro da primeira fase que abrangue o período 2010-2013.

Sexto.- A Xunta de Galicia e o concello de Pontevedra, tendo en conta o volume de traballo existente na actualidade no partido xudicial, que se deriva fundamentalmente da poboación que comprende o seu ámbito territorial, consideran conveniente e urxente incrementar o actual edificio dos xulgados situado na zona de A Parda, por mor da falta material de espazo que se arrastra xa



XACOBEO 2010
Galicia



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



XUNTA
DE GALICIA

84

dende a súa construción, coa finalidade de mellorar o servizo público que se presta en beneficio da comunidade veciñal e do interese público en xeral.

De acordo co indicado, sendo vontade común de ambas institucións colaborar na construción dun novo edificio xudicial no concello de Pontevedra coa finalidade de mellorar a prestación do servizo público dentro do partido xudicial cuxa capital corresponde a este último, formalizan o presente acordo de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste acordo consiste en regular a colaboración entre a Xunta de Galicia e o concello de Pontevedra para proceder á construción dun novo edificio xudicial que complemente o actual edificio dos xulgados situado na zona de A Parda, no eido da Unidade de Actuación nº 24 do PXOU, coa finalidade de adecuar a prestación do servizo público ás necesidades existentes no presente e especialmente no futuro.

SEGUNDA.- Compromisos do concello

1º.- O Concello de Pontevedra comprométese a redactar e tramitar un PERI que desenvolva a Unidade de Actuación nº 24 do vixente PXOU, como planeamento que conteña a ordenación detallada.

2º.- O Concello de Pontevedra comprométese a ceder gratuitamente e libre de cargas á Xunta de Galicia a parcela correspondente á Unidade de Actuación nº 24, cunha dimensión aproximada de 6.500 m² e un volume de edificabilidade axeitado para acoller ó redor de 30 unidades xudiciais, na zona de A Parda coa finalidade de que se proceda á construción do novo edificio xudicial na cidade, unha vez obtida por vía de expropiación ou avinza, para o que instruirá os correspondentes expedientes expropiatorios e de cesión conste ao establecido na lexislación urbanística e reguladora dos bens das Entidades Locais, e consonte ás condicións técnicas e de superficie que concretarán as súas medidas exactas, e de acordo en todo caso coa normativa urbanística vixente.



XACOBEO 2010
Galicia



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



XUNTA
DE GALICIA

85

TERCEIRA.- Compromisos da Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia, unha vez formalizada a cesión por parte do Concello nos termos expostos na cláusula precedente, procederá á súa aceptación de conformidade co establecido no artigo 17 da lei 3/1985, do 12 de abril, de Patrimonio da Comunidade Autónoma, e no artigo 34 do decreto 50/1989, do 9 de marzo, coa finalidade de destinala ao uso para o que se cede, consistente na construción e dotación dun edificio para ubicar as sedes xudiciais do partido xudicial de Pontevedra, cun orzamento aproximado de 15 millóns de euros, de acordo co previsto no Plan de Infraestruturas Xudiciais sometido ao Consello da Xunta de Galicia con data do 27 de agosto de 2009, para o que deberá solicitar e obter a correspondente licenza urbanística.

CUARTA.- Comisión de Seguimento

Créase unha Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento do presente acordo que estará integrada por dous representantes de cada unha das partes designados por cada unha delas, respectivamente. As funcións da comisión serán as de seguimento, resolución dos problemas derivados da súa execución e resolución de conflitos que poidan xurdir.

QUINTA.- Réxime e natureza xurídica

Este acordo ten natureza administrativa, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co expresado neste acordo, asínase polas partes comparecentes no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O Conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza.

O Alcalde do concello de
Pontevedra.



Alfonso Rueda Valenzuela



Miguel A. Fernández Lores



XACOBEO 2010
Galicia